



COSTA DE BARREIROS

Adela Leiro, Mon Daporta
outubro2018



Distancia: 17 km (lineal, en coche) + camiñadas

Dificultade: baixa



- 1-Ría de Foz
- 2-Punta e praia da Angueira
- 3-Praia de Altar
- 4-Pedra de Altar (Pedra Rubia)
- 5-Punta dos Prados
- 6-Punta e praia de San Bartolo
- 7-Praias de San Cosme de Barreiros (Remior, Coto e Pena da Salsa)
- 8-Praias de Benquerencia (Balea, Fontela e San Pedro de Lóngara)
- 9-Punta Corveira
- 10-Praia da Pasada ou do Castro
- 11-Punta do Castro
- 12-Praias de Reinante (Arealonga e Moledo)
- 13-A Malata

O concello de Barreiros está situado entre o mar Cantábrico e a ría de Foz/río Masma. A costa forma parte da zona chamada Arco Cantábrico, coñecida tamén como Rías Altas e, dentro dela, da Rasa Cantábrica, tramo comprendido entre a ría de Ribadeo e as proximidades de Burela, unha plataforma aplanada e elevada que cae directamente ao mar. É unha zona moi exposta na que alternan cantís de diferentes alturas, areais, rías e pequenos esteiros. Acolle importantes valores paisaxísticos, ecolóxicos, xeolóxicos e culturais.

Un tramo da costa está protexido nos LICs “As Catedrais” e “Foz-Masma”. A ría e o esteiro están declaradas ZONA ESPECIAL DE PROTECCIÓN PARA AS AVES (ZEPA) e o esteiro está incluído no Inventario de ÁREAS IMPORTANTES PARA AS AVES da Sociedade Española de Ornitología (SEO/BirdLife).



Praias de Reinante



PERCORRIDO

Comezamos o percorrido en **Espiñeira**, na ponte que cruza o esteiro do Masma, desde onde podemos ver panorámicas do esteiro e da ría. Collemos o desvío á esquerda máis próximo á ría e por Vilar, Xestelo e Viladaíde imos ata A Angueira, unha parada para ver a **praia de Angueira** e a frecha da boca da ría e a **praia de Altar**. A partir de aquí só hai que seguir a estrada pola beira do mar e ir parando nos lugares que máis nos chamen a atención: **punta dos Prados, punta e praia de San Bartolo, praias de San Cosme de Barreiros (Remior, Coto e Pena da Salsa), praias de Benquerencia (Balea, Fontela e San Pedro de Lóngara), punta Corveira, praia da Pasada, punta do Castro, praias de Reinante (Arealonga e Moledo) e A Malata**, onde remata o concello, preto da praia das Catedrais.

En toda a ruta poderemos atopar servizos e lugares onde poder tomar algo, pero tamén comprobar a desfeita producida sobre a paisaxe e os valores ecolóxicos de numerosas construcións, antigas e recentes. Mellor facela coa marea baixa para gozar das praias en toda a súa extensión.



1-Ría de Foz

É unha ría de pequeno tamaño en forma de funil (máis aberta na saída ao mar que no seu fondo) rodeada de xistos e areiscas. Nela desembocan os ríos Masma e Centiño e o rego do Esteiro.

É unha ría en proceso de colmatación porque a forza do mar impide a saída dos materiais que arrastra o río e trae cara a ela a area que arranca nos cantís veciños. Ten unha ampla chaira intermareal lamacenta rodeada por marismas que se concentran na marxe dereita do interior da ría.

Accolle unhas 200 especies de aves, especialmente aves acuáticas invernantes.



Esteiro do Masma e ría de Foz desde a praia da Angueira.



A costa exterior de Barreiros forma parte da rasa Cantábrica que se estende desde o cabo de Peñas (Asturias) ata Burela. É unha superficie elevada (planalto) sobre o nivel do mar, moi chan, cunha pendente suave cara ao mar que se corta bruscamente terra adentro, na liña na que se cree que antigamente estaban os cantís. Na beira costeira remata en zonas de cantís, que caen case rectos, e zonas de praias. Está interrompida polos vales dalgúns ríos.

A orixe desta rasa ou planalto foi moi estudada por diversos especialistas que barallan distintas hipóteses sobre as causas que puideron actuar máis ou menos combinadas: proceso tectónico de fallas e levantamento da costa no final da Oroxenia Hercínica, movementos epiroxénicos Alpinos, e elevación e descenso do nivel do mar con maior ou menor acción erosiva.



2-Punta e praia da Angueira.
Vista cara ao interior da ría (esquerda) e á boca da ría, con Foz ao fondo (arriba).



3-Praia de Altar, de 950 m de lonxitude e 45 m de largor medio. O nome ven da tradición que conta que se celebraban sacrificios na pedra do Altar.

Na parte externa da ría de Foz atópase unha frecha de area que tapa parcialmente a súa boca (entre as praias de Altar e Angueira, resultado da interacción entre a dinámica interna da ría e unha corrente O-E que percorre a costa. Entre os anos 1969 e 1977 construíronse en Foz unha serie de espigóns que modificarón a dinámica da ría e fixeron practicamente desaparecer esta frecha arredor de 1980, mentres se xuntaba area na outra banda, na praia da Rapadoira. Na actualidade estase a rexenerar, despois da construción dun novo dique en 1988.



4-Pedra de Altar (Pedra Rubia)



5-Punta dos Prados



6-Punta de San Bartolo



Praia de San Bartolo




7-Praia de Remior (San Cosme de Barreiros), de 800 m de lonxitude.



7-Praia de Pena da Salsa (San Cosme de Barreiros)

Praia do Coto (San Cosme de Barreiros), un dos poucos areas con dunas.



8-Praia de Balea (Benquerencia). É unha praia abrigada de area fina, con 810 m de lonxitude. No pequeno illote consérvanse vestixios dun castro.





8-Praia de Fontela (Benquerencia)



8-Praia de San Pedro de Lóngara (Benquerencia)



Furna na praia de San Pedro de Lóngara.
Esta praia é un interesante museo xeolóxico
onde podemos atopar furnas, arcos e dobras.



9-Punta Corveira. nesta punta comeza o
LIC/ZEC "Praia das Catedrais"



10-Praia da Pasada ou do Castro



Hai unha tradición en Reinante que dí que ao que atopa na praia un "bítere", o opérculo dunha caracola (*Bolma rugosa*) en perigo de extinción, procedente de augas profundas, terá un ano de boa sorte e amor.



11-Punta do Castro



12-Praia de Arealonga, e Punta do Castro (Reinante). Mide 950 m de lonxitude e 20 m de largor medio. Todos os veráns se celebra nesta localidade un nomeado concurso internacional de castelos de area.



Praia Moledo (Reinante)



13-A Malata

